

Borrar pasados

Anxo Tarrío Varela

Con motivo do cincuentenario da morte de Castelao, están a aparecer estes días moitos artigos e colaboracións nos diferentes xornais galegos onde os autores e autoras dos mesmos fan exercicios de rememoración iluminando os anos cincuenta e sesenta do século que estamos a rematar, cando o nome de Castelao era absolutamente descoñecido para as xeracións que por aquel entón estaban en idade de estudar bacharelato ou as carreiras universitarias.

Efectivamente, cada quen podería achegar curiosas (moitas dolorosas) anécdotas a este respecto, e todas virían confluír nun mesmo fenómeno: acerca de Castelao, e con el non só dos homes que fixeron posíbel a luminosa etapa da Historia de Galicia que coñecemos por *Época Nós* (1916-1936) senón tamén daqueles outros que, máis arredados no tempo, protagonizaran o esforzado *Rexurdimento* do século XIX, case ninguén tiña nin tan sequera un pequeno indicio de coñecemento nas décadas dos anos inmediatos á data da morte do gran rianxeiro (e *pontevedrés*, porque en boa lei, para sermos fieis á vontade de Castelao, debería ser Pontevedra quen acollese os seus restos, como nos recordou hai uns días Isaac Díaz Pardo e se pode comprobar en moitos textos onde Daniel fai a súa declaración de amor pola ‘boa vila’, expoñendo os seus devezos por volver algún día a ela, ‘vivo ou morto’, dende o exilio).

Este fenómeno, este descoñecemento de tan nobre figura do galeguismo, pode parecerlle incríbel ás xeracións actuais, e é tanto máis abraiante canto que Castelao fora unha personalidade moi popular nos anos vinte, a través, fundamentalmente, das súas colaboracións gráficas no xornalismo máis cualificado do momento. Todo o cal debe facernos reflexionar acerca do efecto que pode exercer sobre a memoria colectiva, en moi pouco tempo, un poder ditatorial e absoluto, sexa de dereitas ou de presuntas esquerdas, a través do terror, do medo, capaz este de borrar non só a Historia remota das nacións e dos homes afastados no tempo senón tamén a máis inmediata dos nosos pais.

Porque está claro que os nosos maiores, os que fixeron, gañando ou perdendo, a guerra civil, *si que sabían* quen fora Castelao con anterioridade á salvaxe contenda, pero non transmitiron o seu nome aos fillos e netos, xa fose por colaborar no paso do borrador xa por medo a complicar aos descendentes en cuestións que eran vitandas e perigosas na posguerra.

Isto último foi tan certo que calquera que vivise aqueles anos con ollos e oídos abertos, por cativo que fose naquel entón, poderá recordar algunha anécdota sobre a inoportunidade, por exemplo, de dicir en voz alta, non só en lugares públicos senón tamén nos propios domicilios, o nome do dictador Franco, como se dunha palabra tabú se tratase. Mesmo quen está a escribir estas liñas, sendo un neno de cinco ou seis anos, avisou a un seu irmán que non asubíase pola rúa non sei qué melodía, dicíndolle literalmente: “No silbes esa canción, que *a lo mejor* está prohibida”.

Persoalmente teño tamén a propia anécdota acerca de Castelao. Miña nai, mentres fun neno, adoitaba poñerme o *mote* de ‘Castelao’ cada vez que eu, sendo a lingua familiar o español, me expresaba espontaneamente en galego ao me incomodar con ela por algunha desas ‘graves’ desavenencias que xorden entre nais e fillos. Entón ela, para contestarme na mesma moeda, dicíame simpaticamente en galego: “¡Xa está aquí Castelao!”. O curioso é que, por razón do meu cabreo momentáneo, nunca lle preguntei quen era aquel personaxe co que ela me indentificaba, e fun formando para min mesmo unha idea do noso galeguista moi positiva, pero sen ningunha outra

referencia, ata que cheguei á Universidade e comprendín nas clases de literatura galega (¡en 1969, trinta anos despois de rematada a guerra!) as razóns que tiña miña nai para me chamar daquel xeito.

Efectivamente, nada sabiamos acerca do pasado de Galicia os estudantes de bacharelato, de maxisterio ou os universitarios. Tan só a partir de 1975 puido comezar a se recuperar a memoria, e nesas estamos aínda. Virtudes da democracia, que permite facer tomografías da historia e poñer as cousas no seu sitio.

*O Correo Galego, 2000*